



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES(A Coruña)

Teléf : 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 15/06/2019

No Salón de Plenos do Concello de Frades, cando son as 14:07 horas do día 15 de xuño de 2019, a fin de celebrar Sesión extraordinaria convocada aos efectos de constitución da nova corporación e de elección de Alcalde, a consecuencia das Eleccións Locais celebradas o 26 de maio de 2019, reúnense os seguintes concelleiros/as:

ROBERTO REY MARTÍNEZ -PP
M^a ANGELES ALVAREZ CARRO – PP
JESUS MIGUEL PRADO CEA - PP
MANUEL FERREIRO MARZOA – PP
JESÚS FRANCOS SÁNCHEZ - PP
OSCAR BOTANA RUA - PP
JUAN CARLOS PORTOS BRA-PP
ENRIQUE ASTRAY OTERO - PSdeG-PSOE
JOSÉ LUIS PEREIRA BAO- PSdeG-PSOE
AURELIO GAREA PORTOS- PSdeG-PSOE
MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE- BNG

Baixo a Presidencia de D. Jesús Francos Sánchez, coa asistencia da Secretaria-Interventora do Concello Carmen Gómez Otero.

Secretaria: “Bos días e benvidos, no salón de Plenos da Casa do Concello de Frades, cando son as catorce e sete horas da data sinalada, con motivo das eleccións celebradas o pasado día 26 de maio de 2019 e en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño do Réxime Electoral Xeral e no artigo 37 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, vaise proceder á constitución da Corporación Municipal e elección de Alcalde ou Alcaldesa, polo que paso a dar lectura á Acta de proclamación de candidatos electos remitida pola Xunta Electoral de Zona que indica o seguinte:

Número de electores: 2.122

- Número de voantes: 1.761
- Número de votos a candidaturas/candidatos: 1.731
- Número de votos válidos: 1.746
- Número de votos nulos: 15
- Número de votos en branco: 15

Número de votos obtidos por cada candidatura/candidatos:

- A candidatura do Partido Popular (PP) obtivo 1.093 votos e, por conseguinte, 7 electos.
- A candidatura do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE) obtivo 447 votos e 3 electos.
- A candidatura de Bloque Nacionalista Galego (BNG) obtivo 191 votos e, por conseguinte, 1 electo.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES(A Coruña)

Teléf : 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

De acordo cos resultados reflexados, proclámase electos aos seguintes candidatos:

1. ROBERTO REY MARTÍNEZ -PP
2. M^o ANGELES ALVAREZ CARRO – PP
3. JESUS MIGUEL PRADO CEA – PP
4. MANUEL FERREIRO MARZOA – PP
5. JESÚS FRANCOS SÁNCHEZ – PP
6. OSCAR BOTANA RUA – PP
7. JUAN CARLOS PORTOS BRA-PP
8. ENRIQUE ASTRAY OTERO - PSdeG-PSOE
9. JOSÉ LUIS PEREIRA BAO- PSdeG-PSOE
10. AURELIO GAREA PORTOS- PSdeG-PSOE
11. MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE- BNG

CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE:

A Sra. Secretaria, en cumprimento da normativa indicada anteriormente, sinala que, co gallo de iniciar a constitución da Corporación municipal, vaise proceder a formar a Mesa de Idade integrada por:

◦Sr. Concelleiro electo de maior idade: D. Jesús Francos Sánchez, en canto Presidente da mesma.

◦Sr. Concelleiro elector de menor idade: D. Enrique Astray Otero, en canto vogal.

Os Membros da Mesa de Idade toman asento na Mesa do Salón de Plenos.

A Sra. Secretaria declara constituída a devandita Mesa por estar presentes na sesión as persoas a quen corresponde formalala.

COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS E PERSONALIDADE DE ELECTOS/AS E XURAMENTO OU PROMESA DOS/DAS CONCELEIROS/AS:

Intervén a Sra. Secretaria para dicir que, de acordo coa normativa vixente, todos/as os/as Concelleiros e Concelleiras electos/as presentaron na Secretaría municipal as credenciais expedidas pola Xunta Electoral de Zona así como as declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e actividades que lles proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, e tamén as declaracións de bens patrimoniais e de participación en sociedades.

Igualmente, todos/as os/as Concelleiros/as electos/as están debidamente informados/as sobre o réxime de incompatibilidades que, para a condición de concelleiro e concelleira, está establecido no artigo 178 en relación cos artigos 6, 7 e 177 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, e artigo 10 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Comprobadas as credenciais presentadas, con base á certificación remitida pola Xunta Electoral de Zona, estas son correctas.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES(A Coruña)

Teléf : 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

O Sr. Presidente di que, de conformidade coa normativa vixente, invítase aos/ás Concelleiros/as electos/as a que expoñan neste acto se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa proclamación.

Non se produce manifestación algunha dos/das Concelleiros/as electos/as.

Continúa a Sra. Secretaria indicando que, visto que está presente a maioría absoluta dos Concelleiros e Concelleiras electos e electas, conforme ao disposto no artigo 108.8 da Lei 5/1985 do Réxime Electoral Xeral, os/as Sres/Sras. Concelleiros/as deben de proceder a prestar xuramento ou promesa na forma establecida polo Real Decreto 707/1979, facéndoo en primeiro lugar os membros da Mesa de Idade, o Sr. Presidente desta sesión D. D. Jesús Francos Sánchez e o vogal D. Enrique Astray Otero, os cales prestan xuramento de cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a constitución como normal fundamental do Estado.

A continuación o Sr. Presidente chama nominalmente aos/ás concelleiros/as para que vaian xurando ou prometendo, segundo costume, pola orde da candidatura máis votada á menos votada e por orde da lista electoral, a cal é a seguinte:

ROBERTO REY MARTÍNEZ
M^a ANGELES ALVAREZ CARRO
JESUS MIGUEL PRADO CEA
MANUEL FERREIRO MARZOA
JESÚS FRANCOS SÁNCHEZ
OSCAR BOTANA RUA
JUAN CARLOS PORTOS BRA
ENRIQUE ASTRAY OTERO
JOSÉ LUIS PEREIRA BAO
AURELIO GAREA PORTOS
MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE

Todos eles presentan xuramento ou promesa de acordo coa fórmula establecida no Real Decreto 707/1979, agás o Sr. Manuel Míguez Villaverde que pregunta se pode usar outra fórmula á Secretaría que lle require para que proceda a utilizar as palabras que desexe pero sempre que prometa acatar a Constitución por imperativo legal.

Prestada promesa ou xuramento ocupan os respectivos asentos na Mesa do Salón de Plenos identificados polos seus respectivos nomes.

DECLARACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN:

Por parte do Sr. Presidente indícase que, cumpridos os trámites preceptivos e en canto Presidente da Mesa de Idade e no exercicio das facultades que lle outorga a lexislación vixente, PROCLAMA formalmente constituída a Corporación municipal do Excmo. Concello de Frades.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES(A Coruña)

Teléf : 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

ELECCIÓN DE ALCALDE OU ALCALDESA:

Continúa o Sr. Presidente explicando que se vai a proceder á elección de Alcalde ou Alcaldesa, lembrado que, de conformidade co artigo 196 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, poden sen candidatos/as os cabezas de lista de cada candidatura, sendo necesario que estes confirmen se manteñen a súa candidatura ou renuncian a ela; todos se confirman non existindo renuncia, polo que se manteñen os candidatos de cabeza de lista, os cales son:

- D. Roberto Rey Martínez, polo grupo político do Partido Popular
- D. Enrique Astray Otero, polo partido do PSdeG-PSOE.
- D. Manuel Míguez Villaverde, polo partido do Bloque Nacionalista Galego

O Sr. Presidente indica que, por unanimidade, acordouse utilizar a elección de voto nominal, e obtense o resultado seguinte:

- D. Roberto Rey Martínez: 7 votos.
- D. Enrique Astray Otero: 3 votos.
- D. Manuel Míguez Villaverde: 1 voto.

Intervén o Sr. Presidente desta sesión para dicir que, en consecuencia, ao obter a maioría absoluta establecida no artigo 196.b da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, PROCLÁMASE Alcalde electo do Excmo. Concello de Frades a D. Roberto Rey Martínez.

XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO/DA ALCALDE/SA:

A continuación, por parte do Sr. Alcalde electo, acéptase o cargo e préstase xuramento de cumprir fielmente as obrigas do mesmo con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, recibindo do membro da Mesa de maior idade (Presidente desta sesión), o bastón de mando.

A continuación a Mesa de Idade cesa nas súas funcións e o Presidente abandona a mesa, ocupando o seu lugar o Sr. Alcalde.

ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO DO PATRIMONIO DA CORPORACIÓN:

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dar cumprimento ao sinalado no artigo 36 do Real Decreto 2568/1986, polo que procede a dar conta da acta de arqueo extraordinario realizado, dos xustificantes das existencias en metálico da Corporación depositados en Entidades Bancarias e do Inventario de Bens.

Despois dun discurso final do Sr. Alcalde, procédese a levantar a sesión sendo as catorce horas vinte e sete minutos do día do seu comezo.

**ASINADO DIXITALMENTE UNHA VEZ APROBADA A ACTA EN SESIÓN PLENARIA
EXTRAORDINARIA DE DATA 05.07.2019**